



# VERÁN XOVE 2024

## PREGUNTAS FRECUENTES

### RESPECTO DO PROCESO DE INSCRICIÓN

#### **Como me rexistro para solicitar unha praza nos campamentos de Verán Xove 2024?**

Ten que rexistrarse como pai/nai, titor/a na web campamentos.xuventudevigo.org do 25 de abril ao 12 de maio (todo o día). Unha vez rexistrado/a, recibirá un número de solicitude no seu correo electrónico.

#### **Como engado ós/ás meus/miñas fillos/as á miña solicitude?**

Despois de rexistrarse, acceda á Área Privada da web e engada un/unha ou máis fillos/as para os/as que solicitas praza. Os/as irmáns deberán estar na mesma solicitude.

#### **Como selecciono campamentos e como fago se dous irmáns/ás queren ir xuntos?**

Cando realice o rexistro dun/dunha neno/a, no último paso poderá escoller os campamentos. Pode seleccionar ata 3 quendas por orde de preferencia para cada fillo/a. Se quere que os/as irmáns/ás vaian xuntos na mesma quenda debe solicitar exactamente as mesmas quendas e na mesma orde para cada un/unha deles/delas.

#### **Que sucede durante o sorteo?**

O sorteo, no que se escolle un número ao azar entre tódalas solicitudes recibidas, realizarase o 14 de maio ás 11:00 h. O resultado publicarase na web campamentos.xuventudevigo.org. As prazas adxudicaranse segundo o número resultante do sorteo na primeira e segunda adxudicación, polo que non haberá sorteos posteriores.

#### **Como podo saber se o/a meu/miña fillo/a obtivo unha praza ou en que estado está a súa solicitude?**

É responsabilidade do solicitante verificar o estado da solicitude de cada fillo/a ao longo do proceso, consultando na súa Área Privada. Os estados posibles son: Solicitude Realizada, Pendente de Formalización, Praza Formalizada e Baixa. O estado se consulta no apartado NENOS/AS da Área Privada e posteriormente clicando no nome de cada neno/a e pulsando o botón ESTADO DA SOLICITUDE.

#### **Como se formaliza unha praza adxudicada?**

Te que formalizar a praza a través do apartado "Estado da Solicitude" na Área Privada, segundo as instrucións proporcionadas, ben realizando o pago (para campamentos de pago) ou ben confirmando a praza (para campamentos gratuítos).

#### **Que sucede se non formalizo a praza no prazo establecido?**

Se non formaliza a praza dentro do prazo indicado, perderá a oportunidade e a praza será adxudicada no seguinte proceso de adxudicación, non podendo optar a outra praza.

#### **Que debo facer se o/a meu/miña fillo/a non pode asistir ao campamento despois de ter formalizado a praza?**

Ten que xustificar documentalmente a razón da cancelación (enfermidade, accidente, motivos familiares graves, etc.) para ter dereito á devolución da cota de inscrición.



**Que ocorre se hai vacantes despois da primeira e segunda adxudicación?**

Abrirase unha convocatoria extraordinaria que se publicará na web [campamentos.xuventudevigo.org](http://campamentos.xuventudevigo.org)

**Cales son os motivos de exclusión automática do proceso de adxudicación de prazas?**

Renunciar á praza adxudicada, non realizar o pago requerido, non presentar toda a documentación requirida ou falsear datos no formulario de rexistro.

**Podo presentar unha solicitude por correo electrónico?**

Non, as solicitudes deben presentarse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario correspondente na web [campamentos.xuventudevigo.org](http://campamentos.xuventudevigo.org).

**Hai descontos co Carné Xove ou o de familia numerosa?**

Os campamentos están subvencionados e non hai descontos adicionais.

**Que formas de pago se aceptan?**

Cando faga o tramite do pago poderá escoller entre descargar o impreso e facer o pago nunha sucursal bancaria ou facer o pago con tarxeta a través da pasarela de Abanca, esta última daralle a opción para pagar como cliente de Abanca ou como cliente de calquera outro banco.

**Como solicito o xustificante para o Bono Concilia da Xunta de Galicia?**

Unha vez finalizada a actividade pode solicitar mediante un botón que se atopa no ESTADO DA SOLICITUDE do/a neno/a o xustificante para o Bono Concilia, que lle remitiremos ao seu correo electrónico.

**Pode estar un neno/unha nena anotado por pai/nai, titor/titora diferentes?**

NON. Se un neno ou nena está anotado por duplicado se eliminará a última solicitude na que apareza ese neno ou esa nena.

**Xa fixen o pago pero a praza aínda aparece como pendente de formalizar.**

Os pagos se procesan ao final do día, é un proceso mecanizado pero non é automático.

**É necesario achegar algún documento dos nenos e nenas?**

Se no momento en que fixo o rexistro do/a neno/a facilitou o DNI do/a mesmo/a, non é necesaria documentación adicional. No caso contrario deberá achegar a través da Área Privada, no proceso de FORMALIZAR PRAZA unha copia do DNI ou ben do Libro de Familia para nenos e nenas que non posúan DNI.

**Que teño que facer unha vez que a praza figura como PRAZA FORMALIZADA CORRECTAMENTE?**

Asistir ao campamento.

**Podo transferir a praza adxudicada a outro/a neno/a?**

NON.

**RESPECTO DO FUNCIONAMENTO DOS CAMPAMENTOS**

**Hay transporte aos campamentos?**

Non, os/as participantes deben trasladarse pola súa conta ata o lugar de celebración do campamento.



**Podo entrar máis tarde do horario establecido ou saír antes?**

Só excepcionalmente xa que os monitores e monitoras non poden estar permanentemente na porta esperando á chegada ou recollida dos nenos e nenas.

**Ten algún custe o servizo de aula matinal ou o de friameira?**

Non, ámbolos dous son gratuítos e están á disposición de quen os necesite.

**En que consiste o servizo de friameira?**

É un servizo, gratuíto e opcional. Os/as nenos/as que o necesiten poden levar a súa comida e quedar a xantar logo do remate das actividades, de 14:00 a 15:00 h. Nos campamentos haberá un microondas e unha neveira para conservar os alimentos. O uso do microondas será supervisado polos monitores e monitoras. Deben traer ademáis da comida os utensilios para comer.

**Poden saír os/as nenos/as sen o acompañamento dun adulto?**

Esta opción debe indicala no momento de facer o rexistro do/a neno/a ou ben modificala posteriormente nos datos do/a neno/a.

**Permítense levar aparellos electrónicos?**

NON.

**Como podo contactar cos/as monitores/as?**

Na web [campamentos.xuventudevigo.org](http://campamentos.xuventudevigo.org) dentro do recadro co nome de cada campamento poderá ampliar información do mesmo cos horarios, prezos, actividades e só mentres se celebran as actividades o telefono de contacto do monitor ou monitora responsable. Será á persoa responsable a quen deberá comunicar calquera falta ou incidencia.